

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE DECEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 53 DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 53/2015 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 21 de decembro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓN PREVIAS DE OBRAS.

2.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para acometida de gas na rúa 30, de Lalín.

2.2.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para



Secretaría Xeral
canalización en Cadrón, 40 Lalín

3.- INFORME PREVIO.

3.1.- Acordouse aprobar o informe do enxeñeiro técnico municipal, de data 18 de decembro de 2015, en relación á petición de informe preceptivo previo para reposición do terreo ao estado orixinal na parroquia de Vilatuxe.

4.- ALTAS DE AUGA E SANEAMENTO.

Acordouse autorizar varias solicitudes, así como a formalización dos correspondentes contratos e acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador, presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas, ESPINA Y DELFÍN S.L.

5.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

5.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 11 da obra **“PROYECTO MODIFICADO DA REHABILITACION DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”** presentada pola entidade CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **69.985,63 €**.

5.2.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 12 e final-liquidación da obra **“PROYECTO MODIFICADO DA REHABILITACION DA ANTIGA CASA DO CONCELLO DE LALÍN”**, presentada pola entidade CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **40.604,62 €**. **Así mesmo aprobouse a acta de recepción.**

5.3.- Acordouse **aprobar as melloras recollidas no proxecto da obra REHABILITACIÓN DA CASA CONSISTORIAL DE LALÍN PARA DESTINALA A BIBLIOTECA MUNICIPAL.**

6.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal, de data 28 de decembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono as seguintes relacións de facturas: **núm. 184 por importe de 2.358,18 euros e núm. 185, por importe de 260.379,36 euros.**



7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

7.1.- Acordouse aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante, por importe de 240 €, e outra para sufragar gastos de atención sanitaria e sociosanitaria non cubertos polos sistemas públicos de saúde e servizos sociais para a persoa solicitante, por importe de 230 € a aboar en efectivo.

7.2.- Acordouse aprobar a concesión de catro axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para a persoa solicitante, polos importes de 200 €, 145,36 €, 152,19 € e 174,15 € .

7.3.- Acordouse aprobar a concesión de varias axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade polos importes de 306 €, 150 €, 150 €, 150 €, 151,55 € e 190 €.


7.4.- Acordouse aprobar a prórroga dos contratos das titoras de inserción laboral para o desenvolvemento das accións do programa integrado de emprego “Lalín Emprende Xove”, ata o 31 de agosto de 2016 (data fin do período de execución do programa), con cargo á subvención aprobada.

7.5.- Acordouse a extinción do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia de varias persoas beneficiarias por renuncia ou pola desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

7.6.- Acordouse aprobar a alta urxente no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia dunha persoa beneficiaria.

7.7.- Acordouse admitir a documentación presentada, en virtude do convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación de Profesionais da Praza de Abastos, co obxecto de colaborar nas diferentes campañas desenvolvidas por esta Asociación: Cocido, Día da Nai, Verán e Nadal, aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 3.434,42 €, derivado da relación de documentos xustificativos dos gastos relacionados co programa mencionado, e recoñecer a obriga a favor do beneficiario anteriormente relacionado polo importe de 3.000,00 euros.

7.8.- Acordouse admitir a documentación presentada en virtude do convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Pontevedra (AFAPO) para dar cumprimento ó programa



Secretaría Xeral

integral de atención a persoas con alzhéimer e as súas familias e de facilitar a integración social deste colectivo, aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 5.120 € derivado da relación de documentos xustificativos dos gastos relacionados co programa mencionado e recoñecer a obriga a favor do beneficiario anteriormente relacionado polo importe de 2.560 euros, tal e como resulta do pago do 50 % restante do convenio mencionado.

7.9.- Acordouse autorizar a venta de varios animais dun veciño de Lalín ingresado en xeriátrico, á oferta máis ventaxosa (de 2.100 euros presentada por Ganados Carlos Neira), en relación co ordenado polo Xulgado núm. 1 de Lalín de data 9 de outubro de 2015 . Depositar o diñeiro no Concello de Lalín ata que se determine a entrega aos herdeiros ou aos lexítimos reclamantes do mesmo.

7.10.- Acordouse aprobar e ratificar a sinatura polo Sr. Alcalde-Presidente do Convenio entre a Academia Galega de Seguridade Pública e o Concello de Lalín, para a realización de prácticas de alumnos do Plan Acción Formativa para desempregados que consta de oito cláusulas, asumindo as obrigas e os compromisos que nel se recollen.

8.- ASUNTOS XUDICIAIS.


8.1.- Dáse conta da Sentenza de data 3 de decembro de 2015 da Sala do Contencioso Administrativo-Sección Segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, promotente “Portas y Acuña Inmobiliaria S.L” administración demandada Concello de Lalín.

9.- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA LIQUIDACIÓN PREZO PÚBLICO.

Acordouse desestimar o recurso, presentado por interesado, de anulación do recibo de pago do Prezo Público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín correspondentes á mensuralidade de xullo e agosto por importe de 44 €.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Dáse conta do escrito presentado por **veciños de Donramiro**, no que solicitan do Concello de Lalín en reconecemento persoal e o nomeamento dunha rúa en Donramiro a



Secretaría Xeral

D^a. Piedad Fernández González “Comadrona de Donramiro”, veciña que foi de Lalín.

10.2.- Acordouse realizar as obras que constan no informe do Asesor Urbanístico do Concello de Lalín en relación a o escrito da directiva da ANPA “Luís Areán” do Conservatorio de Lalín no que poñen en coñecemento do Concello de Lalín as irregularidades existentes na fachada do Auditorio.

L

K

M

O